



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZASEIS DE DECEMBRO DE DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día dezaseis de decembro de de dous mil trece reúnen en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día vinte e oito de outubro de 2013. O Concelleiro Benigno Galego Castro pon de manifesto que no punto sexto da acta anterior non está recollida a aprobación do acordo. A secretaria afirma que se procederá a emendar este erro polo que os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2 Proposta para a rectificación do inventario municipal de bens. Despois de ler a proposta da alcaldía que se copia deseguido: Ante a obriga legal de rectificación do inventario de bens con carácter anual establecido nos seguintes preceptos legais: artigo 278 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia, artigos 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia local e os artigos 33 do Real Decreto 1372/1985 de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e unha vez presentado os informes, certificacións e documento técnico sobre a valoración e rectificación dos bens, esta alcaldía propón ó pleno a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO:** Rectificar o inventario de bens do Concello de Cerdido incorporando os seguintes bens:

1 – Inmables

Nome	Identificación Referencia catastral	Importe	Acordo, Recepción da obra	C X.
Nave nos Casás	En tramitación	93.111,79 €	Decreto 83/2013.12/04/2013 Acta de recepción 08.11.2013	2
Oficina no campo de fútbol	001500500NJ82G0001FE	13.832,17 €	Decreto 27.06.2013	2

2.- Mobles

Nome	Identificación do ben	valoración	Acordo	CX
Equipamento inmobles culturais	30 sillas de oficina azul, 19 mesas polipropileno 20 banco polipropileno, 6 mesas melanina	3.892,67 €	Decreto	2

SEGUNDO: Rectificar o inventario de bens do concello de Cerdido, procedendo a incorporar as variacións dos seguintes bens xa inscritos.

N °	Nome	Obra o ampliación	Melloras Importe e acta de recepción.Observacións
	Nave de Porto	Construción de cuartos de baño e construción de entresolo con guía	7998,11 € D52/2011 D.12/07/2011

		para montacargas	
001	Casa do Concello	Mellora illamento térmico, cambio carpintería metálica	18.626,51 € -D 230/2013 -21/10/2013

TERCEIRO : Proceder a cancelar os seguintes asentos

Nº Orden	NOME	Asento	Observacións
19	Impresora multif. HP OFFICEJET G 85-06	Cancelación polo seu deterioro	Ben inservible

Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.

3 Límite de gasto non financeiro para o ano 2014.Despois de ler a proposta de resolución da secretaria – intervención para fixar o límite de gasto non financeiro para o ano 2014.**Lexislación aplicable** :Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira (BOE núm.103 do 10 de abril de 2012). LOEPSF. Lei orgánica 4/2012 do 28 de setembro pola se modifica a Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira (BOE núm.235 do 29 de setembro de 2012). Taxa de referencia a efectos de aplicar a regra de gasto aprobada polo Consello de Ministros do día 01.07.2013, polo que se establece para o ano 2013 a taxa de 1,5%.**Consideracións técnicas e xurídicas** : O artigo 30 da LOEPSF establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade presupostaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Presupostos. O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais. O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. Para a determinación da regra do gasto a Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), publicou unha guía para o seu cálculo, que na súa segunda edición establece os seguintes criterios e magnitudes económicas a ter en conta : **Entenderase por gasto computable** os empregos non financeiros (gastos dos capítulos 1 ao 7) en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións. A **guía do IGAE**, establece unha serie de axustes que se deben realizar, entre eles de aplicación neste Concello, é o axuste por execución xa que a execución presupostaria pode presentar desviacións respecto aos créditos iniciais do presuposto, polo que o IGAE recomenda realizar axuste por execución do presuposto aplicando a seguinte fórmula :

$$\frac{1}{3} \sum_{i=1}^3 \left[\frac{\text{ORN}_{\text{año } n-1} - \text{CL}_{\text{año } n-1}}{\text{CL}_{\text{año } n-1}} \right]$$

Axuste por execución:

Dos datos recollidos dos exercicios económicos dos últimos tres anos que se reflexa a continuación o resultado por dos axustes de execución é do 0,11 % en positivo :

Anualidade	ORN	CI	Resultado
2010	1.305.189,95	1.147.307,00	0,13
2011	1.115.602,15	946.666,29	0,17
2012	982.772,10	932.633,00	0,05
Media aritmética			0,11

B. Calculo da regra de gasto segundo establece o artigo 12 da Lei orgánica 2/2012

Concepto	Estimación liquidación 2013	Taxa de referencia	Aumentos/diminución recadación	Limite regra de gasto 2014
Suma capitulo 1 a 7	1.159.673,71	1,5 %	6.000,00	
(+) axustes por grado de execución	1.739,51			
(-)Gasto financiado con gastos finalista de outras admin.	368.251,08			
(+) Aumento IBI				
	793,162,14	805.059,57	6.000,00	811.059,57

Observacións :

Dado que aínda no esta aprobada a liquidación do presuposto do ano 2013, utilízase os datos das previsión de obrigas recoñecidas de estimación da liquidación do ano 2013 remitidos o Ministerio de Hacienda relativos o terceiro trimestre. **Conclusión:** Proponse ao pleno fixar como límite de gasto a seguinte cantidade : 811.059,57 €.Este é o meu informe que redacto en Cerdido a vinte e nove de novembro de 2013 para que sexa aprobado do Pleno do Concello de Cerdido. A secretaria- interventora.Paula Díaz Tie. Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior. Oito votos a favor e un voto en contra do Concelleiro Jairo Orjales Sande

4 Presuposto Municipal do ano 2014 e cadro de persoal.Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2014 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.120.008,00 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:**Primeiro:** Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2014, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de 1.120.008,00 euro que se resume por capítulos nos cadros seguintes

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	456.520,60 €	1	Impostos directos	184.000,00 €
2	Gastos en bens correntes	398.318,72 €	2	Impostos indirectos	16.000,00 €
3	Gastos financeiros	200,00 €	3	Taxas e outros ingresos	102.200,00 €
4	Transferencias correntes	11.600,00 €	4	Transferencias correntes	592.832,80 €
			5	Ingresos patrimoniais	21.500,00 €
6	Investimentos reais	253.368,68 €	6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	203.475,20 €
8	Activos financeiros	0,00 €	8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
Suma		1.120.008,00 €	Suma		1.120.008,00 €

Segundo: Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2014. **Terceiro:** Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2014 considerarase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. **Cuarto:** Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal. Cerdido, 1 de decembro do 2013. A alcaldesa Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da alcaldesa e catro votos en contra dos concelleiros, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande.

A alcaldesa explica que o presuposto este ano é un pouco mais elevado que o exercicio anterior debido o incremento das subvencións. Os gastos fixos do Concellos son moitos e queda pouco marxe de manobra polo que non se pode realizar todo o que se quixera, non creo oportuno incrementar os impostos para ter mais ingresos.

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que as previsións de gastos e ingresos son coma todos los anos, pagar os gastos correntes e facer uns poucos investimentos, destaca que os gastos de persoal baixan respecto ao ano pasado debido a que se prever ter menos persoal contratado por parte da Consellería de Traballo, os gastos correntes diminuen en porcentaxe porque aumento os gastos de investimentos. Entende que non se fai nada para promocionar o turismo e non hai medidas para incrementar os ingresos. A partida de emerxencia social aumenta a 1000 € pero entende que se debería incrementar mais para poder axudar aso afectados da futura supresión do servizo do 065, xa que hai varios no concello e entende que se debería regular mais o acordo aprobado polo pleno na anterior sesión sobre as axudas aos gastos farmacéuticos e pregunta a

alcaldía porque sube un 2% os gastos para cultura e deportes, porque se prevee unha subida do IBI, canto é o gasto farmacéutico para funcionarios, porque se prevee ter maiores ingresos en licenzas urbanísticas, a que se adica a partida de 3000 € e 500 € para axudas de custo dietas de órganos de goberno, que traballadores cobras horas extras.

A alcaldesa explica que a subida dos gastos de cultura e deportes débense a que se presupostou o mantemento de campo de fútbol, os gastos farmacéuticos son para dotar os botiquis das instalacións e para a revisión médica do persoal do concello, e que a subida do IBI e unha subida que se fai automaticamente todos os anos e que neste concello non se aprobou ningunha subida extra como noutros concellos veciños. En cantos os ingresos por licenzas, prevese unha maior recadación porque hai varios expedientes en tramitación e contesta que son Vituco e Pablo o persoal do concello que fan horas extras, para poder acabar a limpeza das pistas. E os gasto das dietas dos órganos de goberno son os gastos de locomoción e os gastos de axudas de custe por si hai que comer ou durmir fora.

O concelleiro Jairo Orjales Sande quiere recalcar que estos presupostos son para cubrir os gastos de mantemento do concello e mantemento de pistas pero o que se debería facer e intentar cambiar e ter imaxinación para obter cartos para poder investir nun futuro. Quere manifestar que esta en contra da reforma das administracións locais que intenta que dende os concellos non prestemos uns servizos moi importantes para os veciños, entende que se colabora cos concellos veciños para prestar servizos pero sempre dende a competencia local. Hai que buscar debaixo das pedras proxectos que den vida ao concello e que xeneren ingresos. O importante é ter primeiro un bo proxecto e logo buscar o financiamento. Explica que voto en contra do teito de gato porque non cree necesario que unha norma nos limite o noso poder de endebedamento e de gasto.

5 Plan de obras e servizos 2014 .Unha vez recibida a circular da Deputación da Coruña, sobre a elaboración do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2014), e motivado pola necesidade de realizar investimentos de melloras viarias nas parroquias do Concello, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: Primeiro: Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizo de competencia municipal (POS) 2014, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar e os gastos correntes do exercicio 2014 e de acordo coa financiamento que se indica:

A) Realización de obras

	Nº de orden e Denominación	Importe Total	Deputación	Concello
1º	Camiño Rego da Madeira ao limite co Concello de Moeche (Os Casás e outros)	46.767,45 €	46.767,45 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade do 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	70.000,00 €
---	-------------

C) Resumo:

Denominación de obra	Deputación	Concello	Presuposto total
-----------------------------	-------------------	-----------------	-------------------------

Subtotal de obras	46.767,45	0,00	46.767,45
Subtotal gastos correntes	70.000,00	0,00	70.000,00
Total	116.767,45 €	0,00€	116.767,45 €

Segundo: Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten todo resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro: Comprometerse o Concello a incluír no Presuposto municipal 2014 dos fondos necesarios para facer fronte a achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014 se a houbera

Cuarto: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello para a contratación e a execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sexto: Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo: Facultar expresamente a Sra. Alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. Cerdido, 5 de decembro de 2013. A alcaldesa. **Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiroe o voto da alcaldesa e tres votos en contra dos concelleiros, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e unha abstención do concelleiro Jairo Orjales Sande.

A alcaldía explica que este ano deixamos para gastos correntes 70.000,00 € e o resto para investimentos como pavimentación do camiño de Rego da Madeira ata Moeche, o camiño de Piñeiro ata a estrada xeral, o saneamento en Porto e a ampliación da auga en Rego da Madeira ata os Carballas e a Panda e levar a auga ao Freis.

O Concelleiro Benigno Galego Castro pregunta a alcaldía como pretende levar o saneamento no lugar de Porto e se existe o convenio co concello de Moeche, a alcaldía lle facilita o escrito presentado polo concello de Moeche e o concelleiro solicita que se realice un convenio co Concello de Moeche, xa que entende que as obras de dotación da auga se realicen dende a traída de Cerdido porque esta mais cerca pero non entende que as obras teña que pagalas o Concello de Cerdido. Solicita saber quen solicitou a auga aos Carballás

O Concelleiro Jairo Orjales Sande intervén para explicar que entende que o investimento se realice dende o concello de Cerdido porque esta mais cerca da vivenda pero os costes deben pagalos o Concello de Moeche.

A alcaldesa explica que o tramo é moi pequeno e que vai a pedirlle o técnico que se valore en canto vai a suponer este tramo da auga dende o límite do concello de Cerdido, e que o investimento e tamén par levarlle a auga a Orlando, o veciño dos Carballas que a solicitou.

6 Aprobación definitiva da ordenanza reguladora das actividades extractivas da madeira nos montes e espazos forestais de Cerdido.

Presentada unha alegación presentada por Ana Orons Mata en representación da Confederación Gallega de Empresarios de la Madera, no período de información pública ao texto da ordenanza municipal reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais de Cerdido, que foi aprobado inicial por acordo do Pleno do día 28.08.2013 e solicitada e realizado un informe xurídico sobre os motivos alegados esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **Primeiro** : Rexeitar a alegación presentada por Ana Orons Mata polos seguintes motivos :

Respecto o motivo da incompetencia do Concello de Cerdido para ditar a Ordenanza Municipal reguladora reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais de Cerdido (en diante Ordenanza), cómpre sinalar o seguinte:

O fundamento da ordenanza ven explicado tanto no acordo do pleno, onde se establece que “o que se pretende regular nesta ordenanza son as labores de xestión forestal en Cerdido no que atinxa á conservación das vías” e tamén no limiar da ordenanza establece entre outras finalidades da ordenanza o de “ velar pola debida conservación das vías de titularidade municipal que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, cora e saca de madeira”. Este espírito e fundamento da normativa local ven recollido tamén no artigo 1 da ordenanza.

O Concello de Cerdido o abeiro do disposto, entre outras disposicións legais, do artigo 25,2 e 28 da LBRL, ten competencia para a conservación e vías rurais, protección de medio ambiente. A xurisprudencia é rotunda e clara en este aspecto, así a Sentencia núm. 799/2010 do TSX de Galicia no que establece claramente que é competencia municipal de regular, a través dunha ordenanza municipal en base o artigo 25.2 e 26 da LBRL unha autorización municipal para a carga, descarga, transporte e depósito de madeira cortada. Neste sentido tamén se pronuncia outros órganos xudiciais no mesmo sentido TRX de Castela e León, Sentencia núm. 372/2012 tamén no suposto de dunha ordenanza municipal reguladora dunha autorización e fianza para destinadas a saca de madeira onde establece que “ competencia clarísima que ten o concello na conservación dos seus camiños

Respecto o motivo de sobrecarga administrativa, aludindo que entende que os intereses xerais que pretende protexer a comunicación previa esixida no artigo 5 da ordenanza xa se atopan cubertos polas autorizacións previstas nos artigos 92,93 e 94 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, respecto a esta alegación cómpre sinalar o seguinte:

Que o propio artigo 84 bis da LBRL establece a posibilidade de xustificar a existencia de licencias concorrentes de varias administracións o establecer que:

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo.

Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que afecten á protección do medio ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licencias ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra Administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da

necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente.

O texto íntegro da ordenanza explica e motiva a necesidade de comunicación previa. O uso dos camiños públicos para a saca de madeira é un uso do dominio público común especial ao abeiro do establecido no artigo 75 do RBEL, xa que concorre circunstancias deste carácter pola perigosidade, intensidade do uso ou calquera outro semellante, polo que o seu uso se suxeitará a licenza (artigo 77 RBEL). A xurisprudencia, temen ten claro este tema e así o establece entre outras nas seguintes Sentenzas: Sentencia 353/2002 do TXS de Asturias, establece que existe un aproveitamento especial do dominio público o que se pon de manifesto ao utilízalo para o transporte de madeira, este aproveitamento supón unha restrición de uso do dominio público que pode verse manifestado nunha utilización especial e non normal deses camiños”O deber de restaurar os danos ocasionados pola actividade extractiva da madeira ven recollidos, entre outros textos legais, no artigo 24.5 do TRLRFL.

O terceiro motivo que se alega é a esixencia de garantía redundante o deber de presentar un seguro de responsabilidade civil e unha fianza. Respecto a esta alegación cómpre sinalar que cun lectura íntegra da ordenanza e mais polo miúdo os artigos 5 e 8, soamente será necesario presentar a fianza en metálico nos casos que a empresa non teña seguro de responsabilidade civil.

O cuarto motivo de alegación fai referencia a vulneración da Lei de protección de datos en tanto se incumpre o disposto no seu artigo 20. Respecto a esta alegación cómpre sinalar que o Concello de Cerdido ten un Regulamento dos ficheiros de carácter persoal do Concello de Cerdido, polo que no momento que entre en vigor esta ordenanza, incorporárase a través dunha modificación do regulamento o ficheiro que se regula no artigo 4 cumprindo así cos requisitos establecidos no artigo 20 da Lei 15/1999 de protección de datos.

Segundo : Aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais de Cerdido que figura no anexo deste acordo

Terceiro : Remitirlle este acordo a Ana Orons Mata en representación da Confederación Gallega de Empresarios de la Madera, e publicar o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia. **Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

O concelleiro Jairo Orjales Sande pregunta se a negociación cos outros concellos no tema da policía local vai adiante.

A alcaldesa explica que se esta falando con Ortigueira

ANEXO : LIMIAR. A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Cerdido debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais. Pero asemade, o 25% da poboación galega é propietaria de parcelas forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde. Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha mancha de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis rendas, máis emprego e máis calidade de vida. Para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou

reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector, como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, ou os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira. O Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Cerdido, no que atinxa á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E faino con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, entre outras. Nomeadamente, esta ordenanza pretende acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira. É por iso que esta ordenanza vén regular a actividade extractiva de madeira no termo municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso créase un rexistro de empresas madeireiras, para levar control das entidades que realizan actividades forestais no termo municipal, e se establecen unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados. Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Por último a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento

1. Segundo o disposto nos artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Cerdido establece a presente ordenanza reguladora das cortas forestais.
2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria. Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira etc.). Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2.- Definicións

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.
2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Cerdido que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta

(desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Cerdido, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: REXISTRO, AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 4.- Rexistro de empresas madeireiras

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Cerdido deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I.

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia
- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s)
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga
- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente

· Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto que a empresa madeireira no sexa posuidora de ningún destas características, deberá facelo constar expresamente no escrito de comunicación que presente e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 8 desta ordenanza

3. O Concello de Cerdido terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo II.

4. O Concello de Cerdido requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

5. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m³.

Artigo 6.- Responsables

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Cerdido velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, nomeadamente cando a corta se faga a eito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 7.- Obrigacións

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

Artigo 8.- Fianza ou cota tributaria

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establécense catro categorías:

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 €
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 €
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 €
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 €

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, o volume total de madeira extraída desas parcelas deberá sumarse, ós efectos do cálculo da fianza que se lle aplicará.

3. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.

Artigo 9.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria

1. Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Se os danos foren dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico

sobre os ditos danos e requiriráselle ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial. No caso de non ser atendido o dito requirimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.

TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIONES

Artigo 10.- Infraccións

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparelhada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello
- Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor superior a 6.000,00 €
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa

4. Son infraccións graves:

- Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €
- Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa

5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 11.- Sancións

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 €
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.500,00 €
- Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €

2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexeráse pola

normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.

3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 12.- Requisitos

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1. A presente ordenanza entrará en vigor logo dun mes dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO

Datos da empresa madeira	
Denominación	
NIF	
Enderezo	
Correo electrónico	
Persoa de contacto	

A empresa devandita solicita a súa inclusión no REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO Cerdido, de de 20.....

Nome: Representante da empresa

ALCALDESA / ALCALDE DO CONCELLO DE CERDIDO

ANEXO II: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA

Denominación		
NIF		
Enderezo		
Telefono de contacto		
Nome da persoa encargada		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume total de madeira a extraer (m3)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar, sitio e parroquia		
Identificación catastral	Polígono	Parcela
Datas previstas de inicio e remate		
Lugar onde se vai a depositar a madeira		

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

Cerdido, de de 20.....

7 Derrogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público publicada no BOP 19.11.2011 e aprobación dunha nova ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público .Despois de ler a proposta da alcaldía seguinte:Recibidas as sentenzas do día 25.09.2013 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación aos procedementos ordinarios núm. 0015080/2012 e 0015058/2012 nos que se anulan varios artigos da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do

dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral publicada no BOP do 19.12.2011. Tramitado o expediente para a derogación da taxa vixente e a imposición e ordenación da taxa por pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais o, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **PRIMEIRO.** Derrogar a ordenanza pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais publicada no BOP do 19.12.2011 e aprobar provisionalmente a imposición da taxa e a Ordenanza fiscal reguladora desta nos termos en que figura no anexo deste acordo. **SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición deste no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. **TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, sobre a base do artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. **ANEXO :**

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SEVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

O amparo do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, régúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten a xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Feito Impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o disfrute da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.
2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo da subministración débense utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.
3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa e outros medios de comunicación que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.
4. O pagamento da taxa reguladora nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

A estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos ditos servizos as empresas distribuidoras e que comercialicen os mesmos.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son dos dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas ou entidades, públicas ou privadas, que presten servizos ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

4. As empresas titulares das redes físicas, as cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e voo da vía pública, regulada na Ordenanza Fiscal correspondente.

Artigo 4º. Sucesores e responsables

1. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse ós socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes

b) Cando legalmente se limitase a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas percibidas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse as persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3. As obrigacións tributarias pendentes das sociedades mercantís, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, no caso de disolución das mesmas, transmitiranse ao destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

4. As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades as cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores de aquelas, ata o límite dos valor da cota da liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.

b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, en proporción as súas respectivas participacións.

c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas

obligacións tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio
Exceptúanse da responsabilidades as adquisicións efectuadas no procedemento concursal.

6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non houberan realizado os feitos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes:

- Cando se cometerán infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.
- Nos supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias percibidas, que se encontran pendentes na data de cesamento, sempre que non tiveran feito o necesario para o seu pagamento ou tivesen tomado medidas causantes da falta de pagamento.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non tivesen realizado as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias percibidas con anterioridade.

7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte co procedemento previsto na Lei Xeral tributaria.

Artigo 5º.- Base Impoñible e cota tributaria.

1. Cando o suxeito pasivo sexa o titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a que se produce o disfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base impoñible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2. Cando para o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilízase redes alleas, a base impoñible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar ó titular da rede, polo uso da mesma.

3. Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, tivesen sido obtidos pola mesma coma contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados polos feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

a.-Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos aboados efectuados no municipio.

b.-Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalación propiedade da empresa.

c.-Alugueres, cánones, ou dereitos de interconexión percibidos de outras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que teñen a condición de suxeito pasivo.

d.-Alugueres que pagarán os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.

e.-Outros ingresos que se factures polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras.

4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que gravan os

servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes: As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.

As indemnizacións esixidas polos danos e perdas, a menos que sexan compensación ou contraprestación polas cantidades non cobradas que se incluírán nos ingresos brutos definidos no apartado 3.

Os ingresos financeiros, como xuros, dividendos e calquera outro de natureza análoga.

Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.

As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.

6. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.

7. A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impositiva definida neste artigo.

Artigo 6º. Período impositivo e remuneración da taxa.

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos nos que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme as seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre no que ten lugar a alta.

b) No caso de baixas por cese de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixina o cesamento.

2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a correspondente licenza.

Cando o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para tal efecto, entendese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizo ós usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo e voo das vías públicas se prolonguen durante varios exercicios, a remuneración da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 7º. Réxime de declaración e ingreso.

1. Establecerase o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ó que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ó Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuado no termo municipal, especificando o volume de ingresos recibidos por cada un dos grupos integrantes da base impositiva, segundo o detalle do artigo 5.3 desta Ordenanza.

A especificación referida ó concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluíra a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos aos que se facturaran cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de peaxe de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 5.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores u outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 5.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pagamento que se indiquen.

Por razón de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos se derive unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase á seguinte.

5. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia de sobretaxa de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

6. A empresa “Telefónica de España, S.A.U.” a cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicos en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos que satisface a este Concello.

As restantes empresas do “Grupo Telefónica”, están suxeitas ó pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón no mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionaranse de acordo co que se prevé na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos Ingresos de dereito Públicos municipais.

3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaración e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

Disposición adicional 1ª. Modificación adicional dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razón sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas nas que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, non momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a partir da data en que rexa a presente ordenanza, a ordenanza reguladora da taxa

por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP 19.12.2011. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

8 Dar conta dos decretos da Alcaldía :A secretaria deu lectura os seguintes decretos da alcaldía :

Núm.	Data	Descrición
Outubro 2013		
233	21/10/2013	Contratación de catro peóns ao abeiro da subvención da Consellería de Traballo e Benestar
234	25/10/2013	Expediente de licenza de obra para Cambio de tellado no lugar de Moutillón, 6 - a Barqueira
235	29/10/2013	Dar de alta no Padrón de habitantes en Rebordaos 11 – Cerdido
236	29/10/2013	Contratación dunha auxiliar de axuda no fogar da bolsa de contratación por catro días para cubrir un permiso dunha traballadora
237	30/10/2013	Expediente de licenza de obra para Instalación de invernadoiros no lugar de Sete de Arriba - A Barqueira
Novembro 2013		
238	05/11/2013	Devolución da garantía presentada pola empresa TUIMIL SA , polo contrato de mantemento do alumeadado público
239	05/11/2013	Decreto de pagos correspondente as facturas rexistradas cos números e 387 a 405
240	07/11/2013	Dar de alta no Padrón de Habitantes en As Cancelas núa 1
241	07/11/2013	Solicitude conxunta cos concellos de Ortigueira e Mañón para a contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
242	08/11/2013	Decreto de concesión da prestación do SAF na súa modalidade de prestación básica a dúas unidades familiares
243	11/11/2013	Acceder o solicitado, remitindo unha copia do expediente administrativo de arquivado co núm. AMC 548.
244	13/11/2013	Licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos no lugar de Vila da Igrexa 13, parroquia de Cerdido neste Municipio.
245	13/11/2013	Inscribir no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos co número 1/2013
246	13/11/2013	Aprobar os gastos para o desenvolvemento dos cursos de formación de servizos sociais subvencionados pola Deputación da Coruña
247	19/11/2013	Autorizar o cambio de titular da licenza de apertura e funcionamento do establecemento de Bar-Café O Norte.
248	19/11/2013	Aprobar a proposta realizada,da bolsa de contratación do posto de traballo de peón e de condutor
249	19/11/2013	Autorizar a Silvia Santalla Pérez, a usar o local da cafetería do Castro para levar a cabo

		unha xuntanza dunha peña o día 14 de decembro de 2013
250a	22/11/2013	Aprobación do decreto de pagos das facturas rexistradas cos números 406 a 434
250	27/11/2013	Recoñecer un novo trienio ao funcionario Cesar Yáñez Carballeira
251	27/11/2013	Rescindir o contrato de aluguer asinado o día vinte e dous de outubro de 2013 do primeiro piso esquerda da antiga escola dos Casás e proceder a devolución da fianza.
252	29/11/2013	Autorizar a Angel Manuel Pardo Garrote, e domicilio en Regueirolongo, 4, no termo municipal de Cerdido, para usar o local da cafetería do Castro para levar a cabo unha comida familiar o día 30 de novembro de 2013
Decembro 2013		
253	03/12/2013	Autorizar a José Lago Pita, en representación da Unión Deportiva Cebarca, para usar o pavillón polideportivo e a megafonía municipal do 27 ao 29 de decembro durante todo o día para celebrar un torneo de fútbol sala
254	04/12/2013	Solicitar a participación na convocatoria de programas de servizos sociais a Deputación Provincial da Coruña para o ano 2014
255	05/12/2013	Solicitude de subvención a Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do programa de investimento de promoción económica
256	05/12/2013	Solicitude de subvención a Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do programa de actividade de promoción económica
257	05/12/2013	Solicitude de subvención a Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do programa de cultura e deportes
258	09/12/2013	Convocatoria de pleno ordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita unha aclaración dos seguintes decretos :

1.- Num 251, procedeuse a devolución da garantía , non había algunha clausura que penalizase o non cumprimento do tempo pactado do contrato? A alcaldesa explica que non había pero que se pode poñer segundo a recente reforma da lei de arrendamentos urbanos.

O concelleiro Jairo Orjales Sande solicita unha aclaración dos seguintes decretos :

1. num 241. non sabia da existencia do ADL, polo que solicita que no momento que se contrate se lle dea publicidade para que os veciños o sepan.

O Concelleiro Cándido Prieto Lago solicita aclaración do seguinte decreto

Num 243. a alcaldesa solicita a secretaria información, afirmado que foi unha solicitude dun particular para acceder a un expediente administrativo que estaba no rexistro de fai 10 ou 15 anos.

9 Dar conta da remisión dos datos aos que fai referencia a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de subministro de información prevista na Lei

Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

Informe de Intervención Paula Díaz Tie, secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira informa : **Primeiro** :Que o día 29.10.2013 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o terceiro trimestre do ano 2013, tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos :

Terceiro trimestre do ano 2013.. Resume por capítulos de ingresos e gastos

INGRESOS

Código de conta	Exercicio corrente				Exercicio pechado
	Créditos iniciais	Previsións actuais	Dereitos recoñecidos netos	Recadación líquida	Pagos líquidos
1	177.000,00	177.000,00	136.740,11	136.740,11	0,00
2	8000,00	8000,00	4.844,78	4.844,78	0,00
3	98.000,00	98.000,00	55.293,48	55.293,48	10.349,87
4	560.548,85	589.714,05	310.823,21	310.823,21	89.477,01
5	18.500,00	18.500,00	10.832,98	10.832,98	0,00
7	80.633,89	269.486,67	81.273,67	81,273,67	20738,71
Total	942.882,74	1.160.900,72	599.808,23	599.808,23	120.565,59

GASTOS

Código conta	Exercicio corrente				Exercicio pechado
	Créditos iniciais	Previsión actual	Obrigas recoñecidas netas	Pagos Líquidos	Pagos líquidos
1	469.666,74	467,128,74	283.780,07	283.780,07	7056,17
2	365.519,20	394.016,30	263.651,87	256.564,32	22.570,72
3	200,00	200,00	0,00	0,00	0,00
4	10900,00	10.900,00	1405,39	1405,39	2600,00
6	96.596,80	288,655,68	161.041,45	133.310,12	48,460,27

Total	942.882,74	1.160.900,72	709.878,78	675.059,90	80.687,16
--------------	-------------------	---------------------	-------------------	-------------------	------------------

Informe de evacuación - resultado estabilidade presupostaria. Segundo trimestre 2013

Ingreso non financeiro	Gastos no financeiro	Axustes pola entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade /Necesidade de financiamento
1.158.852,52	1.159.673,71	45.480,40	0,00	44.659,21

Informe de cumprimento da regra de gasto. Segundo Trimestre 2013. Presuposto actualizado

Gasto computable liquidación 2012	Taxa de referencia	Aumentos /diminución artigo 12,4	Limite regra de gasto	Gasto computable previsión 2013
980.710,91	997.383,00	0,00	997,383,00	957.825,64

Conclusión : O Concello de Cerdido cumpre , cos datos do segundo trimestre do ano 2013 cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria e coa regra de gasto. Cerdido , 29 de outubro de 2013

A secretaria – interventora. Paula Díaz Tie. Os **membros do Pleno déronse por enterados**

10 Mocións de Urgencia.

O Concelleiro Benigno Galego Castro afirma que aínda que non son urxente solicita unha explicación de porque non se incluíron na orde do día as mocións presentadas.

A alcaldesa explica que o tema das pensións non se incluíu porque este tema xa foi aprobado no Parlamento por unanimidade de todos os grupos, e tampouco se incluíron nas mocións presentadas por Jairo Orjales porque o tema de Sogama xa foi resolto e entende que a moción esta desfasada e encanto a venda de Novagalicia Banco esta xa en marcha o proceso

En canto o tema de Sogama non ten inconveniente de que se presente no seguinte pleno adaptada as circunstancias actuais

11- Rogos e Preguntas.

O Concelleiro Benigno Galego Castro fai as seguintes preguntas :

- 1.- Esta feito o informe do camiño dos Casás ? A alcaldesa di que si, que o ten na mesa pero que non tivo tempo a lelo
2. Cando se lle vai a remitir o informe técnico das obras que se solicita todos os plenos ? A Alcaldesa afirma que son os técnicos os que teñen que remitilo e que se los pedirá
3. Hai queixas dos veciños pola recollida do lixo ? Os traballos do exterior dependen dunha persoa soa polo que se solicite que se prepare a outra persoa para que poda facelos no caso de enfermidade ou posible xubilación A alcaldesa explica que puntualmente foron un día so porque

Pablo tivo que facer outras cousas e entende que recentemente se realizou unha bolsa de contratación para estes casos

O concelleiro Jairo Orjales Sande fai os seguintes rogos e preguntas :

1.- Solicita que se lle facilite o acordo coa empresa do Polígono Industrial. A alcaldesa explica que non hai acordo algún. Esta empresa unicamente comprou terreos na zona do polígono e que no seu momento falou con Xestur para que xestionase o polígono pero contestaron que non tiñan planes e que era moi difícil.

2. Como van as xestión coa Dirección Xeral de Montes para plantar con castiñeiros a Fraga da Xaneira ? A alcaldesa afirma que houbo conversas pero dende a Xunta lle dixeron que eles non se fai cargo do financiamento

3.-Solicita que se amañe unha taxea no lugar da Torre que esta tupida.

O Concelleiro Cándido Prieto Lago pregunta a alcaldía :

Sobre o número de licenzas de taxi existentes no Concello. A alcaldesa afirma que hai dúas.

O Deposito de auga de Gondredo a Riazón esta cheo e no corre a auga. A alcaldesa afirma que avisará a Medio Rural

Anuncia a existencia dunha sentenza do Tribunal Constitucional do 26.09.13 no que afirma que as mesas de contratación e as xuntas de goberno local son públicas.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día dezaseis de decembro de 2013. Do que eu como secretaria dou fe :

A secretaria

Paula Díaz Tie

A alcaldesa

Ana Rodríguez Montero